



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA**

**9 DE SETEMBRO DE 2022**

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 21:04 horas do día 9 de setembro de 2022, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

### **ASISTENTES**

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Dona Marina Ramudo Graña,

Dona Sonia Cervantes Rivas,

Dona Carmen Paz Rodríguez,

Dona Ana Domínguez Barreiro,

Don Enrique Rodríguez Rodríguez (incorpórase no punto 11 da sesión para a toma de posesión como Concelleiro),

Secretaria:

Dona Lucía Irimia Fernández

### **AUSENTES**

Don José Luis Ramudo Andión,

Dona Ana Belén Seco Morado,

Don César Valiña Irimia,

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

#### **1.- Exposición da Alcaldía.**

O señor Alcalde pide desculpas á representante municipal do Bloque Nacionalista Galego por non tela invitado aos actos oficiais da Festa do Emigrante 2022, debido a un erro de xestión das invitacións.





## 2.- Aprobación das actas das sesións anteriores de datas 13 de maio de 2022 e 27 de xullo de 2022.

Polo señor Alcalde-Presidente pregúntase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación as actas que se someten a aprobación.

As actas son aprobadas con 4 votos a favor (PSOE) e 1 abstención (BNG).

## 3.- Modificacións orzamentarias.

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno do Decreto de Alcaldía número 2022-0384 de data 6 de setembro de 2022, relativo a modificación de créditos por xeración de créditos número 1-2022, expediente 388/2022, do seguinte teor literal:

### “DECRETO DE ALCALDÍA

*Visto o expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos núm. 1-2022, na modalidade de xeración de créditos, no que consta o informe favorable da Secretaria-Interventora accidental.*

*No exercicio das atribucións que me confiren as Bases de Execución do vixente Orzamento en relación cos artigos 181 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 9.2.d), 43 e 44 do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril, que desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto, da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais, en Materia de Orzamentos*

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1-2022, do Orzamento vixente na modalidade de xeración de crédito, de acordo ao seguinte detalle:*

### **Alta/Suplemento en Aplicacións de Gastos**





<b>Convenio coa Deputación Provincial de Lugo para actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga</b>					
<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Modificacións de crédito</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Econo.</b>				
1531	619	Inversións de reposición de infraestrutura e bens de uso xeral	117.087,90 €	28.000,00 €	145.087,90 €
342	609	Outras inversións novas en infraes. E bens de uso xeral	147.331,57 €	239.441,44 €	386.773,01 €
161	639	Outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento oper. Servizos	- €	5.558,56 €	5.558,56 €
			<b>264.419,47 €</b>	<b>273.000,00 €</b>	<b>537.419,47 €</b>

<b>Aprol Rural 2022-2023_ Mantemento forestal</b>					
<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Modificacións de crédito</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Econo.</b>				
241	13100	Laboral temporal	4805,88	10.189,60 €	14.995,48 €
241	16000	Cotas, prestacións e cargos sociais a cargo do empregador	1.603,09 €	3.780,40 €	5.383,49 €
			<b>6.408,97 €</b>	<b>13.970,00 €</b>	<b>20.378,97 €</b>

<b>Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023</b>					
<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Modificacións de crédito</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Econo.</b>				
1531	619	Inversións de reposición de infraestrutura e bens de uso xeral	117.087,90 €	67.263,00 €	<b>184.350,90 €</b>

<b>3ª Fase de reforzo do sistema de bombeo da captación de Lea</b>					
<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Modificacións de crédito</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Econo.</b>				
161	633	Maquinaria instalacións técnicas e utillaxe	- €	23.707,86 €	<b>23.707,86 €</b>

<b>Mellora da seguridade vial do entorno urbano de Mosteiro</b>					
<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Modificacións de crédito</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Econo.</b>				
1532	609	Outras inversións novas en infraes. E bens de uso xeral	- €	18.413,94 €	<b>18.413,94 €</b>





A mencionada xeración financiarase con cargo aos maiores dereitos recoñecidos nos seguintes

## Alta/Suplemento en Conceptos de Ingresos

<b>Convenio coa Deputación Provincial de Lugo para actuacións en instalacións, vías públicas municipais e rede de abastecemento domiciliario de auga</b>				
<b>Aplicación económica</b>			<b>Descrición</b>	<b>Euros</b>
<b>Cap.</b>	<b>Art.</b>	<b>Conc.</b>		
7	76	761	De Deputacións, Consellos ou	273.000,00 €

<b>Aprol Rural 2022-2023_ Mantemento forestal</b>				
<b>Aplicación económica</b>			<b>Descrición</b>	<b>Euros</b>
<b>Cap.</b>	<b>Art.</b>	<b>Conc.</b>		
4	45	450	Outras sub. Correntes da Admón. Xeral da CCAA	13.970,00 €

<b>Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023</b>				
<b>Aplicación</b>			<b>Descrición</b>	<b>Euros</b>
<b>Cap.</b>	<b>Art.</b>	<b>Conc.</b>		
7	75	750	Da Admón. Xeral da CCAA	67.263,00 €

<b>3ª Fase de reforzo do sistema de bombeo da captación de Lea</b>				
<b>Aplicación</b>			<b>Descrición</b>	<b>Euros</b>
<b>Cap.</b>	<b>Art.</b>	<b>Conc.</b>		
7	75	750	Da Admón. Xeral da CCAA	23.707,86 €

<b>Mellora da seguridade vial do entorno urbano de Mosteiro</b>				
<b>Aplicación</b>			<b>Descrición</b>	<b>Euros</b>
<b>Cap.</b>	<b>Art.</b>	<b>Conc.</b>		
7	75	750	Da Admon. Xeral da CCAA	18.413,94 €

## XUSTIFICACIÓN

Para proceder á xeración de crédito será requisito indispensable o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme de achega no caso de "achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa





*Entidade local, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos”.*

*Darase conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que este celebre, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

*Ordénao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, don Lino Rodríguez Ónega, do que eu, dona Lucía Irimia Fernández, como Secretaria-Interventora, accidental, dou fe.”*

Así mesmo, dáse conta ao Pleno do Decreto de Alcaldía número 2022-0388 de data 8 de setembro de 2022, relativo a transferencia de crédito 1-2022, expediente 390/2022, do seguinte teor literal:

#### **“DECRETO DE ALCALDÍA**

*Visto o informe de Secretaría de data 8 de setembro de 2022 sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, vista a Memoria de Alcaldía e o informe de Intervención da mesma data, así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar, e de conformidade co establecido nos artigos 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais,*

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1-2022, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias da mesma área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:*

#### **Transferencias en Aplicacións de Gastos**

<b>Modificación Orzamentaria - Transferencia de créditos entre aplicacións da mesma área de gastos</b>					
<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Transf. de crédito</b>	<b>Créditos Finais</b>
<b>Progr</b>	<b>Econ.</b>				





337	22799	Outros traballos realizados por outras empr. e profes.	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €
337	13100	Laboral temporal	0,00 €	3.783,00 €	3.783,00 €
337	16000	Seguirade social	0,00 €	1.359,00 €	1.359,00 €
341	22104	Vestiaro	0,00 €	4.858,00 €	4.858,00 €
231	22799	Outros traballos realizados por outras empr. e profes.	436.921,33 €	88.119,99 €	348.801,34 €
231	13100	Laboral temporal	0,00 €	61.445,69 €	61.445,69 €
231	16000	Seguirade social	0,00 €	21.487,89 €	21.487,89 €
231	22104	Vestiaro	0,00 €	700,00 €	700,00 €
231	23120	Do persoal non directivo	0,00 €	4.486,41 €	4.486,41 €
		<b>TOTAL</b>	<b>446.921,33 €</b>	<b>196.239,98€</b>	<b>446.921,33€</b>

### FINANCIAMENTO

Esta modificación do Orzamento Municipal non altera a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras partidas orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

### XUSTIFICACIÓN

Estas modificacións de créditos responden aos seguintes criterios:

- Da aplicación 337.22799 transfírese a totalidade dos créditos existentes xa que no momento de elaborar o orzamento previuse que fora unha empresa a que prestara o servizo de socorrismo na piscina municipal. Por aforro económico decidiuse a contratación directa dos socorrista, polo que se fai necesario a creación das partidas que alberguen os gastos que se derivan de salarios e seguridade social (337.13100 e 337.16000). Así mesmo, o importe restante trasládase á partida 341.22104 (promoción e fomento do deporte) para financiar o vestiaro de todos aqueles equipos do Concello que solicitan a participación desta Entidade Local na promoción das súas actividades.
- Derivado da prestación directa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a partires do vindeiro día 16 de setembro de 2022, prodúcese a necesidade de dotar adecuadamente e crear aquelas





*partidas necesarias para albergar os gastos que implica, tales como salarios, seguridade social, vestiario, adquisición de material variado. É este o motivo polo que se transfire a cantidade de 88.119,98 da partida 231.22799, destinada ao abono das facturas presentadas pola ata agora empresa adxudicataria do citado servizo, para aquelas partidas orzamentarias de persoal e gastos correntes que o precisan.*

**SEGUNDO.** *Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que este celebre, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

**TERCEIRO.** *Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.”*

O Pleno do Concello queda enterado.

#### **4.- Modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia de Pol.**

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

##### **“PROPOSTA DE ACORDO**

*En relación coa tramitación do expediente iniciado co fin de acordar a modificación da Ordenanza reguladora da taxa do punto de atención á infancia de Pol, unha vez analizados os seguintes documentos:*

*1º.- Informe xurídico da Secretaría Intervención (accidental), datado do 6 de setembro de 2022, que figura no expediente.*

*Propoño que o Pleno do Concello de Pol adopte as seguintes resolucións:*

**PRIMEIRA:** *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do punto de atención á infancia de Pol, que se inclúe no anexo I deste acordo, cuxa redacción se converte na indicada no dito anexo.*

**SEGUNDO:** *Expoñer este acordo ao público nos lugares indicados no artigo 17 do TRLFL por un prazo de 30 días hábiles para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que consideren oportunas.*





**TERCEIRO:** *No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, que se acreditará mediante certificación de Secretaría, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado das respectivas ordenanzas fiscais.*

**CUARTO:** *Que se continúen os demais trámites do expediente.*

*En Pol, na data da sinatura electrónica á marxe.*

O Alcalde  
Lino Rodríguez Ónega

## ANEXO I

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA DE POL

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

*Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 e 19 do referido texto legal, o Concello de Pol, establece a taxa pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.*

#### **Artigo 2º.- Feito imponible**

*Constitúe o feito imponible da taxa a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos do punto de atención á infancia deste Concello de Pol.*

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

*Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen os pais dos nenos en situación de alta no PAI de Pol e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.*

#### **Artigo 4º.- Cota tributaria**

*As cotas a satisfacer por esta taxa obteranse da aplicación das tarifas contidas no apartado seguinte, de acordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

#### **Artigo 5º.- Cotas**







1.-

ASISTENCIA: DE LUNS A VENRES	PREZO
1 hora	2 euros
2 horas diarias	40 euros/mes
3 horas diarias	60 euros/mes
4 horas diarias	80 euros/mes
5 horas diarias	100 euros/mes
6 horas diarias	120 euros/mes
7 horas diarias	140 euros/mes
8 horas diarias	160 euros/mes
<b>BONOS</b>	
10 horas	15 euros
20 horas	35 euros

2.- Se a renda per cápita mensual da unidade de convivencia é inferior ao 80% do IMPREM aplicarase unha bonificación do 100% da cota tributaria.

3.- Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar ao disposto no punto primeiro, aplicaranse os seguintes descontos:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%, nos casos que non se acollan ao disposto no punto 7 deste artigo.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%

4.- Os descontos anteriores non serán acumulables.

5.- A cota para casos indicados urxentes polos servizos sociais será de 0 euros, ata que remate o carácter da mesma.

6.- Para estancias puntuais o prezo será de 2 euros/hora, irreducibles, que se aboarán de forma previa. Tamén se poderá facer de forma anticipada a través dos bonos de 10 ou 20 horas.

7.- **Establécese a gratuidade** da taxa pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia en base á Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23 da Xunta de Galicia, publicada no DOG Núm. 147 de data 3 de agosto de 2022. Ao abeiro da citada Orde este Concello non repercutirá as cotas sinaladas en artigos anteriores aos proxenitores ou titores legais de todos aqueles menores que asistan ao PAI de Pol, gratuidade que establece, de acordo coa tida Orde da Xunta de Galicia, con efectos retroactivos dende o 1 de setembro de 2022, por ser a data de inicio do presente curso escolar.

Así mesmo, establécese a referida gratuidade durante todos aqueles cursos escolares nos que aplique a mencionada Orde ou outras de índole similar polas que a Xunta de Galicia ou calquera outra administración financie, íntegra ou parcialmente, o custe da taxa obxecto da presente Ordenanza.

## Artigo 6º.- Base de cálculo





a) Computarase a renda de tódalas persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de **tódalas persoas residentes na unidade de convivencia**. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

## **Artigo 7º.- Pagamento.**

1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo dos casos de suspensión temporal da cota, realizarase, mediante liquidación, mensualmente nos dez primeiros días do mes seguinte a que correspondan, mediante domiciliación bancaria.

2.- Cando o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes terá un desconto do 50%.

3.- Salvo os casos de suspensión temporal da cota, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

## **Artigo 8º.- Suspensión temporal da cota.**

1.- Os suxeitos obrigados non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

a) No mes de vacacións anual do neno/a.

b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

c) Cando por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de pagar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50%





2.- *A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.*

3.- *Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación, realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.*

### **Artigo 9º.- Cobro de débedas.**

*As débedas por cotas non aboadas poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constrinximento cando transcorreran 6 meses dende o seu vencemento sen que se conseguiran cobrar a pesar de realizarse as xestións oportunas.*

### **Artigo 10º.- Actualización dos prezos.**

*A contía dos prezos establecidos na presente ordenanza actualizarase anualmente de acordo co IPC e publicarase a nova lista de prezos no taboleiro de anuncios do Concello e do PAI e informarase aos usuarios.*

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

*Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; Decreto 329/2005, de 28 de xullo, que regula os centros de Atención á Infancia e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores; Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.*

*Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e estará vixente até a súa modificación ou derogación expresa.”*

Intervén o Sr. Alcalde, que expón que o importe subvencionado pola Xunta de Galicia é realmente escaso para afrontar os gastos que supón o Punto de Atención á Infancia (PAI).

Ponse o asunto a votación e por unanimidade, acórdase a aprobación do acordo proposto pola Alcaldía.

### **5.- Elección Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol.**

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

**“Elección Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol.**





*Visto o expediente ao que se refire o epígrafe, tramitado de acordo co disposto na Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

*Con data 7 de xaneiro de 2020 iníciase expediente para elixir o Xuíz de Paz substituto e con data 3 de maio de 2021 sae publicada no Boletín Oficial de Provincia de Lugo a convocatoria para a elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol.*

*Na data 25 de maio de 2021 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello a solicitude de participación de Mirian Parajes Varela para ser elixida Xuíz de Paz Substituto de Pol.*

*No Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2021 adoptouse o acordo de elixir Xuíz de Paz substituto de Pol a Mirian Parajes Varela, condicionada á presentación do certificado médico acreditativo de non estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial.*

*En data 17 de decembro de 2021 remítese requirimento a Mirian Parajes Varela, dándolle un prazo de dez días, da documentación mencionada no parágrafo anterior, quedando notificada o día 22 de decembro de 2021.*

*Con data 13 de xaneiro de 2022 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello, número de rexistro 2022-E-RC-6, renuncia a praza de Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol.*

*Por decreto de data 25 de maio de 2022, número 2022-0228, iníciase un novo procedemento para a elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol (Lugo) abrindo un novo prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes a partir da publicación da Convocatoria no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (B.O.P. nº 131 de 9 de xuño de 2022).*

*No devandito prazo non se presentou ningunha solicitude para optar ao posto de Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol.*

*Por decreto de data 6 de xullo de 2022, número 2022-0295, acordase a apertura dun novo prazo de 15 días hábiles para a presentación de instancias para a elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Pol (Lugo) a partir da publicación da Convocatoria no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (B.O.P. nº 159 de 13 de xullo de 2022).*

*Visto que durante dito prazo presentouse unha solicitude:*

- De dona María Josefa González Carrín, con DNI número 33848454-K

**O Sr. Alcalde propón:**

**Primeiro.-** Elixir Xuíz de Paz substituto de Pol a dona María Josefa González Carrín, con DNI número 33848454K, ao ser a única aspirante presentada e reunir todos os requisitos para concorrer.

**Segundo.-** Dar traslado do expediente completo á Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aos efectos do previsto no artigo 101 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.”

Ponse o asunto a votación e por unanimidade, acórdase a aprobación do acordo proposto pola Alcaldía.

**6.- Ratificación do Decreto de Alcaldía número 2022-0355 de data 11 de agosto de 2022 de fixación de festas locais para o Concello de Pol para o ano 2023.**





Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno do Decreto de Alcaldía número 2022-0355 de 11 de agosto de 2022 sobre fixación de festas locais para o Concello de Pol para o ano 2023 do seguinte teor literal:

## **“DECRETO**

*Visto o escrito da Xefatura Territorial de Lugo – Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Consellería de Emprego e Igualdade no que se lle debe notificar os dous días que se fixan como festas locais no Concello de Pol así como a denominación da festividade que se celebra co obxecto de elaborar o calendario laboral para o ano 2023 para a provincia de Lugo, e de acordo coa normativa vixente, e en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo,*

*Polo presente, no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación en materia de réxime local,*

## **RESOLVO**

*Primeiro.- Fixar como festas locais para o Concello de Pol para o ano 2023 as seguintes:*

- *Festa Martes de Entroido, a celebrar en data 21 de febreiro.*
- *Festa ao Emigrante, a celebrar en data 24 de agosto.*

*Segundo.- Notificar o presente acordo á Xefatura Territorial de Lugo – Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Consellería de Emprego e Igualdade.*

*Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación.*

*Ordénao e asínao o Sr. Alcalde, don Lino Rodríguez Ónega en Pol na data establecida á marxe, de todo o que, como Secretaria-Interventora accidental, dona Lucía Irimia Fernández, certifico.”*

Sometese o asunto a votación e por unanimidade acordase a ratificación do Decreto 2022-0355 de 11 de agosto de 2022.

**7.- Ratificación do Decreto de Alcaldía número 2022-0356 de data 11 de agosto de 2022 sobre rectificación de titularidade da finca nº 1 relativo ao expediente expropiatorio “Mellora das estrada municipal entre o núcleo de Cima de Vila e a Capela de As Neves”.**

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno do Decreto de Alcaldía número 2022-0356 de 11 de agosto de 2022 sobre rectificación de titularidade da finca nº 1 relativo ao expediente expropiatorio “Mellora das estrada municipal entre o núcleo de Cima de Vila e a Capela de As Neves” do seguinte teor literal:





## “DECRETO

*Neste Concello está a tramitarse o expediente expropiatorio **MELLORA DA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O NÚCLEO DE CIMA DE VILA E A CAPELA DAS NEVES.***

*Con data 11 de agosto de 2022 recíbese solicitude de María Pilar Domínguez López con DNI 33777248T sobre cambio de titularidade da finca 1 ao ser a titular da mencionada finca. Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada e de conformidade coa Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF),*

### **RESOLVO:**

*Proceder a rectificar a mencionada titularidade da seguinte forma:*

<b>Nº finca</b>	<b>Titularidade anterior</b>	<b>Nova titularidade</b>
1	Antonio Gandoy González	María Pilar Domínguez López

*Ordénao e asínao o Sr. Alcalde, don Lino Rodríguez Ónega en Pol na data establecida á marxe, de todo o que, como Secretaria-Interventora accidental, dona Lucía Irimia Fernández, certifico.”*

### **PROPONSE AO PLENO**

A ratificación número 2022-0356 de 11 de agosto de 2022, que se transcribe literalmente no corpo desta proposición.

Sometese o asunto a votación e con 4 votos a favor (PSOE) e 1 abstención (BNG) acordase a ratificación do Decreto 2022-0356 de 11 de agosto de 2022.

### **8.- Ratificación do Decreto de Alcaldía número 2022-0372 de data 30 de agosto de 2022 sobre ampliación do prazo para retomar a xestión directa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).**

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno do Decreto de Alcaldía número 2022-0372 de 30 de agosto de 2022 sobre ampliación do prazo para retomar a xestión directa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do seguinte teor literal:

## “DECRETO







## **Expediente núm.: 329/2022**

Visto o acordo do Pleno en Sesión Extraordinaria de data 27 de xullo de 2022, no que se aproba a xestión directa do servizo de axuda no fogar (SAF) por parte do Concello de Pol e así dar cumprimento á resolución nº 66/2022 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) que estima o recurso interposto por Protección Geriátrica 2005 SL contra os acordos de adxudicación e formalización do contrato para prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Pol, expediente 389/2021 deste Concello.

Visto que dito acordo se lle comunica á empresa IDADE DE OURO, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L., o día 3 de agosto de 2022, encargada da prestación do Servizo de Axuda no Fogar, e que na mesma se indicaba que o Concello de Pol retomaría a prestación directa do servizo o vindeiro 1 de setembro de 2022.

Visto que para realizar o proceso de cambio de prestación directa do SAF por parte do Concello de Pol é necesario realizar unha serie de trámites, tanto a nivel orzamentario, modificación de plantilla de persoal así como da aplicación necesaria para levar a cabo o servizo e visto que dito cambio coincidiu co período vacacional do persoal e ante a imposibilidade material de facer efectivo o cambio para o día 1 de setembro de 2022.

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Que se amplíe o prazo para retomar a xestión directa do SAF en quince días e comunicarlle á empresa IDADE DE OURO, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L. que este Concello retomará a mesma o día 16 de setembro de 2022, nas mesmas condicións que lle foi notificado en data 3 de agosto de 2022.

**Segundo.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación.

Ordénao e asínao o Sr. Alcalde, don Lino Rodríguez Ónega en Pol na data establecida á marxe, de todo o que, como Secretaria-Interventora accidental, dona Lucía Irimia Fernández, certifico.”

Intervén a voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Ana Domínguez Barreiro, que pregunta porqué, no seu día, se decidiu que o SAF fora prestado por unha empresa privada, ao que o Sr. Alcalde responde que existían numerosos conflitos coas empregadas, especialmente no que se refire aos xudiciais e considerouse, nese momento, que era unha boa opción para intentar distender a situación.

Sometese o asunto a votación e por unanimidade acordase a ratificación do Decreto 2022-0372 de 30 de agosto de 2022.





## **9.- Dar conta dos Decretos de alcaldía de datas comprendidas entre o 11-05-2022 e o 06-09-2022, ambos inclusive.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o 11 de maio de 2022 e o 6 de setembro de 2022 (ambos inclusive).

O Pleno do Concello queda enterado.

## **10.- Asuntos de urxencia se os houbera.**

Non houbo asuntos de urxencia.

## **11.- Toma de posesión do novo concelleiro Enrique Rodríguez Rodríguez.**

Por parte do Sr. Alcalde-Presidente dáse lectura ó informe de Secretaría en relación co asunto sinalado no epígrafe, e que di o seguinte:

*“En relación coa toma de posesión do señor Concelleiro D. Enrique Rodríguez Rodríguez, emítase o seguinte informe:*

*Con data 11 de agosto de 2022, recíbese escrito da Xunta Electoral Central, designando a D. Enrique Rodríguez Rodríguez como Concelleiro do Concello de Pol por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais de 26 de maio de 2019, en substitución, por renuncia, de D. Artemio Gustavo Carballés Fernández.*

*Así mesmo con data 9 de setembro de 2022 D. Enrique Rodríguez Rodríguez presentou na Secretaría deste Concello a Declaración de Bens Patrimoniais e de Incompatibilidades e Actividades, e toda a documentación necesaria e suficiente para acreditar a súa personalidade.*

*Tendo en conta que D. Enrique Rodríguez Rodríguez, cumpriu con todos os requisitos necesarios esixidos pola lexislación vixente, procede que se lle dea posesión do cargo de Concelleira do Concello de Pol.”*

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente procédese á toma de xuramento ou promesa do cargo de Concelleira, baixo a fórmula: *"xura ou promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Pol, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*, ao que o Concelleiro don Enrique Rodríguez Rodríguez responde "si xuro".







Tras estas formalidades D. Enrique Rodríguez Rodríguez incorporase ao Pleno como concelleiro e participa na deliberación e votación dos restantes asuntos incluídos na orde do día.

## 12.- Rogos e preguntas.

Por parte de don Enrique Rodríguez Rodríguez, na súa condición de voceiro do grupo municipal do Partido Popular, formula as seguintes preguntas:

1. Solicito aclaración sobre o estado de tramitación do PXOM.  
Contesta o Sr. Alcalde, que “Todos os barrios e parroquias teñen que determinar e regularizar todas as EDAR e fontes fronte á CHMS, e neste trámites se atopa o PXOM. Esta circunstancia supónlle un gasto de máis de 16.000 euros ao Concello a maiores dos xa aboados ao redactor do Plan. Espérase poder enviar á Xunta de Galicia o PXOM para súa aprobación definitiva na vindeira primavera”.
2. Quero coñecer cales foron as saídas que tivo a motobomba municipal dende xuño do presente ano ata o de agora.  
Resposta o Sr. Alcalde que “non se produciu ningunha saída no referido período”.
3. ¿Porqué non se solicitaron as brigadas antincendios á Xunta de Galicia?  
Contesta o Sr. Alcalde que “supón un esforzo económico para o Concello soportar o 25% do importe que non subvenciona a Xunta”.
4. ¿O Concello ten previsto algún plan para o arranxo das vías municipais? Principalmente para aquelas que dan acceso ás vivendas habitadas  
Contesta o Sr. Alcalde que “recibimos escasa financiación da Xunta de Galicia para tal fin, nesta anualidade apenas 60.000 euros. A gran maioría das actuacións que se levan a cabo neste senso son financiadas con fondos do propio Concello e cos que aporta a Deputación de Lugo. Hai previsión de eliminar todos as fochancas antes do inverno”.
5. ¿Porqué hai tanta maleza na captación de auga da fonte de Lea?  
Resposta o Sr. Alcalde que “a contorna da captación está limpa, só hai silvas na finca colindante que é propiedade dun particular”.

A continuación, dona Ana Domínguez Barreiro, na súa condición de voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, pasa a formular as seguintes preguntas:

1. ¿Porqué se lle pagaba ao anterior Secretario se o enviaba a Deputación de Lugo?  
Resposta o Sr. Alcalde, que “as retribucións que se lle aboaron foron en concepto de dietas e gastos de desprazamento”.
2. ¿Como gastou 4.248,31 euros en 5 meses en gastos de representación?





Contesta o Sr. Alcalde, que “este Alcalde non cobra un salario do Concello de Pol, ese importe ao que se refire son gastos soportados en representación do Concello”.

3. ¿Porqué falla o alumeado público en Andiión?

Ao que resposta o Sr. Alcalde que “o alumeado deste barrio non entrou na renovación das luminarias levada a cabo polo Concello coa financiación do IDAE, xa que previamente foran renovadas con outra subvención doutra administración. Este alumeado sufriu danos debido a unha tormenta, ademais hai cables que precisan renovarse e que sofren a rozadura das polas das árbores. A pesar de todo o Concello renovou os cadros dos contadores e ten en proxecto a renovación do cableado, en canto sexa posible economicamente”.

4. ¿Porqué se paga a un bufete de avogados tendo un servizo xurídico na Deputación de Lugo?

Ao que resposta o Sr. Alcalde, que “porque o servizo xurídico da Deputación non acepta todo tipo de casos e cuestións, nin ten a capacidade material para poder facer fronte a todas cantas cuestións se plantexan no Concello”.

5. ¿A xente que utiliza a área deportiva de Mosteiro abona algo por facelo?

Contesta o Sr. Alcalde que “non, ninguén abona nada, nin os equipos nin os particulares. Esperamos poder sacar algún tipo de rentabilidade da mesma no futuro, pero para iso debe estar completamente rematada”.

E non tendo máis asuntos que tratar polo señor Alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 21:52 horas do día da data, de todo o que eu, Secretaria-Interventora, accidental, dou fe.

